

1. TÍTULO DO PROXECTO.

A cor de ollos e os problemas visuais

2. DATOS PERSOAIS.

Antón Martínez Villaverde e Marina Roperó Montero (les Indalecio Pérez Tizón

3. RESUMO DO PROXECTO.

O noso traballo consiste en investigar se a cor de ollos dos individuos afecta ao desenvolvemento de enfermidades visuais (miopía, astigmatismo e hipermetropía). Para iso desenvolvemos unha enquisa para descubrir sobre alumnado do noso centro a súa cor de ollos e os seus problemas visuais. Pasámoslle a enquisa a todo o alumnado da ESO do noso centro, recollemos os datos e os pasamos por un análise estatístico para comprobar a relación entre os sucesos. Tamén aproveitamos a enquisa para ver se hai unha relación co xénero do individuo. De momento estamos na fase de análise de datos. A nosa hipótese é que si hai unha relación entre ambas porque na nosa clase a maioría das persoas con problemas visuais son de ollos claros e queríamos ver se isto se aplica a maior escala.

4. INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos detectouse un aumento en diferentes enfermidades visuais nos adolescentes (Martínez Pérez, 2020) , como por exemplo:

- Miopía: ter mala visión de lonxe.
- Hipermetropía: ter mala visión de cerca.
- Astigmatismo: visión difuminada dos obxectos.

Existen diferentes cores de ollos (marrón, azul, verde...), nos preguntamos se é posible que exista algunha relación entre a cor de ollos e o desenvolvemento dalgunha enfermidade visual pois a bibliografía que encontramos non deixa clara se hai ou non unha relación entre ambos factores.

5. PROPÓSITO DO TRABALLO

O noso propósito é descubrir se hai algunha relación entre a cor de ollos, o xénero e os problemas visuais.

6. ESTUDO DO ESTADO DA ARTE.

Despois de observar que na nosa clase había moitas enfermidades oculares e a maioría se relacionaban coa cor de ollos clara, puxémonos a buscar bibliografía ao respecto. Encontramos un artigo sobre miopía (Martínez Pérez, 2020) que indica que hai un incremento desta doenza entre 1993 e 2016 dun 20% en adolescentes, por iso escollemos a miopía entre outras. Así mesmo, encontramos outro artigo sobre os factores de risco (Milanés Armengol, 2016) para enfermidades oculares, démonos conta de que non deixa claro se a cor de ollos inflúe nas enfermidades oculares.

7.HIPÓTESE.

A nosa hipótese inicial é que a maior cantidade de cor de ollos que hai no instituto é a marrón, que ademais os ollos azuis son os que mais se asocian coas enfermidades oculares e que o xénero con maior cantidade de enfermidades oculares é o feminino.

8.MATERIAL E MÉTODOS.

Preparamos unha gráfica coa cor de ollos para que o alumando puidese seleccionar a súa cor de ollos.
Preparamos unha enquisa onde lles preguntamos sobre o seu xénero, a súa cor de ollos e os seus problemas oculares (miopía, hipermetropía e astigmatismo)

Recollemos a información en toda a ESO do noso centro.

Estamos obtendo datos estatísticos ao respecto e comprobaremos cun análise estatístico a relación entre os factores.

9. RESULTADOS.

Aínda estamos na fase da recollida de datos polo que non temos resultados do proxecto.

10. CONCLUSIÓNS.

Aínda estamos na fase da recollida de datos polo que non temos conclusións do proxecto.

11. BIBLIOGRAFÍA

Martínez Pérez, C. (2020). Prevalencia y factores de prevención y de riesgo de la miopía en una población de 5 a 7 años en España (Doctoral dissertation, Universidad Europea de Madrid).

Milanés Armengol, Armando, Molina Castellanos, Katia, Milanés Molina, Marla, Ojeda León, Ángel, & González Díaz, Alina. (2016). Risk Factors for Eye Diseases. Importance of Prevention. *MediSur*, 14(4), 421-429. Recuperado en 09 de marzo de 2026, de http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1727-

897X2016000400010&lng=es&tlng=en.